



Luns  
30  
DECEMBRO

## Traslado restos do Apóstolo

Casiano Mouriño, director  
09:30 h Praza do Obradorio

Sábado  
04  
XANEIRO

## Concerto de Reis

BMSC & Escolanía e Coro Cardenal Quiroga da Catedral  
José Luis Vázquez, director coros  
Casiano Mouriño, director  
20:30 h Teatro Principal

Domingo  
05  
XANEIRO

## Cabalgata de Reis

Casiano Mouriño, director  
18:30 h Praza do Obradorio



facebook.com/BandaMunicipal  
SantiagoCompostela/  
twitter.com/BMSCompostela



COMPOSTELA Cultura  
www.compostelacultural.gal  
www.auditoriodegalicia.org

TEMPORADA 2019 / 2020

# Ciclo de Outono

“En tempo cos ventos”



## Concerto de Nadal

BMSC & Escolanía e Coro Cardenal Quiroga  
da Catedral de Santiago

José Luis Vázquez, director coros  
Casiano Mouriño Maquieira, director

Sábado 21 de decembro de 2019  
21:00 h Igrexa San Francisco

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA  
Santiago Compostela





“Tempo de ledicia, xenerosidade e introspección”

«Honrarei o Nadal no meu corazón e procurarei conservalo durante todo o ano»  
(Dickens)

O Nadal sempre foi unha data especial, xa non só dende o punto de vista histórico coa relevancia que posúe no cristianismo senón tamén a nivel artístico. Grandes pintores, escultores, literatos e, como non, compositores, trataron de trasladar ás súas obras tal solemnidade e recollemento, mesmo imprimindo unha ensinanza moral.

Dende o academicismo dos oratorios e misas aos cancioneros que conservan vestixios de obras con carácter popular, as composicións para estas festas adquiriron nomes diferentes: o *carol* inglés, en francés *noël*, o *laude* italiano ou o *Weihnachtslied* en alemán, ata chegar ao vilancico español. Aquelas cancións populares dos *villanos* (enténdase os habitantes das vilas) cunha estrutura flexible, temática aberta e talante festivo, propias da España renacentista do século XV irían dende o ámbito profano ao relixioso, ata derivar nas panxoliñas de hoxe en día.

Coa sonoridade grandiosa e pomposa propia da música sinfónica británica preséntasenos **Coleridge-Taylor**. Esta abertura pertencía orixinariamente á música incidental dunha obra infantil que, de xeito póstumo, foi arranxada por Sydney Barnes, sendo a versión que chegou aos nosos días.

Un inciso operístico emerxe co coro de nenos do acto I da ópera *Carmen*. Con ritmo marcado e marcial desfilan as voces brancas coa trompeta e o frautín. Un fragmento entrañable que nos recorda a relevancia destas datas para o público infantil.

Voltamos a Inglaterra coa fantasía nun único movemento, orixinaria para barítono e orquestra, de **Vaughan Williams**. Unha recompilación de vilancicos recollidos no sur do país polo propio compositor, que sempre se declarou un entusiasta deste repertorio. Esta predominancia anglosaxona vese interrompida con **Nicolai**, retornándonos ao espírito máis sinfónico e dramático da antiga Viena, cun dos fundadores da súa Filarmónica. Tras el, regresamos aos *carols* cuha proposta máis actual de **Hope**.

E, aínda que de autoría descoñecida e en debate, tres das eternas pero xa nosas panxoliñas que imprimen a pincelada popular e máis entrañable para desexarlles a todos vostedes unhas Felices Festas e un Próspero Aninovo.

## PROGRAMA

Samuel COLERIDGE-TAYLOR (1875-1912) Trans. A. Bodin  
**CHRISTMAS OVERTURE**, (1925)

Georges BIZET (1838-1875)  
**CARMEN**, (1845)  
Avec la garde montante

Ralph Vaughan WILLIAMS (1872-1958) Trans. J. van de Braak  
**FANTASIA ON CHRISTMAS CAROLS**, (1912)

Otto NICOLAI (1810 - 1849) Arr. J. P. Gómez  
**WEIHNACHTS OUVERTÛRE**, Abertura de Navidad (1833)

Peter HOPE (1930) Trans. R. Niese  
**CHRISTMAS CAROLS No. 3**  
Hark! The Herald Angels Sing, Coventry Carol, The First Nowell

**EL TAMBORILERO**, Tradicional  
**CAMPANA SOBRE CAMPANA**, Tradicional  
**FUM FUM FUM**, Tradicional